

**Asunto: Alegacións á Resolución do 22 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Paraño Oeste, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) e promovido por Eólica Galenova, S.L.U. (expediente IN661A DXIEM-02/11). DOG Núm. 192, do 5 de outubro de 2021.**

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI. Número \_\_\_\_\_,  
con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_,  
concello de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

#### **EXPÓN:**

Á vista dá Resolución do 22 de setembro de 2021, da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Paraño Oeste, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) e promovido por Eólica Galenova, S.L.U. (expediente IN661A DXIEM-02/11). DOG Núm. 192, do 5 de outubro de 2021, por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIONES**:

**1. O PE Paraño Oeste encádrase nun desenvolvemento anárquico e á marxe da avaliación estratéxica do que adoce todo o sector eólico de Galicia. O Plan Sectorial Eólico de Galicia nunca foi sometido á avaliación ambiental estratéxica** tal e como se establece no artigo 6 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e pese ás modificacións introducidas pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o Canón Eólico e o Fondo de Compensación Ambiental e pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento de implantación de iniciativas empresarias en Galicia, que de facto modifican o plan orixinal do 1997 e polo tanto non lle sería aplicable a excepción establecida na Disposición transitoria primeira da Lei 21/2013. Todo isto no so incumpre os requisitos previstos na normativa interna aplicable, senón tamén os que se derivan das seguintes normas do dereito da Unión Europea:

- Directiva 2011/92/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 13 de decembro de 2011, relativa a avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente(DOUE L 26 /1 de 28.01.2012)
- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de maio de 2003, pola que se establecen medidas para a participación do público na elaboración de determinados plans e programas relacionados co medio ambiente e pola que se modifican, no que se refire a participación do público ó acceso a xustiza, as Directivas 85/337/CE e 96/61/CE do Consello.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente. (DOCE nº L 197/30, 21-07-01)

**2. O proxecto do PE Paraño Oeste amosa un carácter estritamente mercantil e unha baixa ou nula incidencia positiva na loita contra o cambio climático e as externalidades negativas derivadas da súa execución.** Este configúrase como un proxecto industrial de grandes dimensións, orientado unicamente ao reforzo do sistema oligopolístico de xeración de enerxía que non se basea nunha planificación orientada ao aumento da eficiencia enerxética e ao aforro no seu consumo, nin tampouco ao fomento do autoconsumo e produción en proximidade. Non cabe considerar que o proxecto sexa, como se di de maneira reiterativa no EIA, unha contribución positiva para a loita contra o cambio climático. Pola contra, supón unha perda significativa de superficie natural e un grave deterioro dos valores ambientais e servizos ecosistémicos, de tal maneira que os posibles beneficios da implantación da enerxía eólica quedan invalidados polas afeccións globais aos sistemas naturais, causada pola inxente demanda de materiais para a súa construción, ocupación do terreo, aumento de viais e accesibilidade a zonas sensibles, mortalidade e perda de hábitat para as especies e aparición de efectos ecolóxicos negativos en cascada. A todo o cal debe engadirse o incremento de risco que se derivará en materia de incendios forestais, dadas as dificultades que para a súa extinción se xerarán pola dimensión física dos aeroxeradores a empregar. Así, o **PE Paraño Oeste sería especialmente lesivo pola profunda transformación que implica para áreas de alto valor ecolóxico, traducíndose nun obstáculo de primeira orde para tentar lograr uns obxectivos de conservación coherentes coa Estratexia da UE sobre a biodiversidade ata o 2030 (Bruxelas, 20.05.2020, COM(2020) 380 final)**

**3. Faise constar a feble posición da poboación afectada e da cidadanía en xeral ao respecto dos seus dereitos de participación no presente procedemento debido á complexidade técnico-xurídica do mesmo.** A normativa que lle é aplicable ao proxecto de implantación do PE Paraño Oeste resulta nun corpo normativo que excede o propio ámbito do Dereito interno, autonómico e estatal, que dificulta poder evacuar unhas alegacións acaídas fronte a un proxecto tecnicamente moi complexo e voluminoso, agravado aínda máis pola tramitación de urxencia do proxecto debido á inxustificada declaración de iniciativa empresarial prioritaria que dende a entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, reduce o prazo de alegacións á metade. Fixase así unha dinámica na cal quen pretende implantar o proxecto dispón dunha lexislación facilitadora, alén de plenitude de medios técnicos e económicos e, fronte a esta, a contraparte nin dispón de medios económicos, nin coñecementos, nin tempo, nin normativa que ampare a súa

posición. Con isto estase incumprindo as garantías de participación da veciñanza e o público en xeral nos asuntos públicos e en concreto na toma de decisións en materia ambiental recollida no Convenio de Aarhus, no artigo 45 da Constitución española e na Lei 27/2006 ( que incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).

**4. O PE Paraño Oeste agrava a concentración de efectos sinérxicos e acumulativos e a saturación ambiental ante a excesiva concentración de instalacións eólicas na contorna que non son debidamente tidos en conta no presente EIA.** A localización de PE Paraño Oeste está na proximidade doutros moitos en funcionamento ou en distintos estados de tramitación, dende a Xunta ou o Ministerio. Semellante volume de proxectos pouco ten que ver cunha planificación eólica ordenada e que sexa coherente co deseño eólico considerado na normativa galega da Lei 8/2009 e, en suma, xerarían unhas afeccións conxuntas absolutamente intolerables dende moi distintos eidos, e que en boa medida se debe á excesiva concentración na comarca de Terra de Montes e arredores de Áreas de desenvolvemento eólico fixadas no Plan Sectorial Eólico, que necesita ser revisado. Téñase en conta ao respecto a Sentencia do TSJ Castilla y León de Burgos, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S de 13 de Julio de 2012 e Sentencia del TS 345/2018, de 5 de marzo.

**5. O PE Paraño Oeste e a súa liña de evacuación é moi prexudicial para o benestar, a saúde e a calidade de vida dos veciños que viven e traballan nos pobos da contorna** (A Abeleira, A Alén, A Correa, Framia, Lebozán, Portela de Lamas, A Ermida, etc.) **pola proximidade excesiva dos aerogeradores e a LAT** e demais afeccións negativas, que se rexe por leis desfasadas sen ter en conta as proporcións e características das instalacións eólicas actuais, agravando afeccións na saúde física e psicolóxica das persoas como o ruído, "efecto sombra" ou os que terán os campos electromagnéticos sen que se contemplan de forma sinérxica os efectos con outros parques xa construídos ou en tramitación na contorna. Ademais, as vivendas e terras da zona perderán valor ao encadrarse dentro da poligonal ou nas proximidades polo efectos negativos do mesmo, quedando aldeas enteiras supeditadas aos intereses da promotora e a un gravame considerable a efectos de perda de valor da propiedade, liberdade dos seu uso ou expropiación para ampliacións ou modificacións, sen que isto supoña un retorno económico relevante.

**6. Na mesma liña, o proxecto adoce dunha ausencia de retorno social e o EIA non analiza debidamente os efectos socioeconómicos da súa construción.** O estudo dos efectos socioeconómicos presentado recoñece os efectos negativos sobre o custo de oportunidade, ou sexa, a valoración das actividades socioeconómicas susceptibles de levarse a cabo na zona e que deberán ser desbotadas, así como outros perxuízos sobre a poboación (ruído, contaminación acústica e electromagnética, efecto sombra, alteracións das sinais de radio e televisión, etc.), porén non os valora adecuadamente e obvia outros moitos efectos como a perda de valor das propiedades, o éxodo poboacional parello a este tipo de instalacións e as afeccións negativas en diversos sectores económicos como o turístico, o forestal e madeireiro ou o inmobiliario. Todo o xustifica a mercantil promotora en base á suposta xeración de emprego sen cuantificar nin identificar en ningún momento cales van ser eses postos de traballo. Polo que **non se está facendo unha avaliación correcta dos efectos socioeconómicos nos termos que se establecen no anexo VI.2.a da Lei 21/2013 de avaliación ambiental.**

**7. O PE Paraño Oeste supón unha vulneración da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia** e unha eliminación da multifuncionalidade do monte galego, que na citada lei se recoñece como unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kyoto e realiza unha contribución importante ao PIB galego. **Ademais, os Montes Veciñais en Man Común afectados (A Bouza, Alén, Alvite, Lamas, Sixto, Fixo-Pardeso, Pousada e Abeleira) son de utilidade pública** (artigo 6 da Lei 13/1989, do 10 den outubro, de montes veciñais en man común de Galicia) e non se xustifica a prevalencia da utilidade pública que se solicita sobre eles.

**8. O EIA do PE Paraño Oeste presenta incoherencias coa Lei de Avaliación Ambiental (Lei 21/2013)** con graves deficiencias e erros que incumpren os requisitos establecidos para os EIA no artigo 35 (desenvolvido no anexo VI.2.a da Lei 21/2013). Por exemplo: o análise de alternativas está sesgado e condicionado dende o principio para manter a viabilidade técnica e económica do proxecto sen que haxa un verdadeiro análise das alternativas de instalación, incluída a de "non execución" ou "alternativa 0" que non é sometida ao análise multicriterio; o inventario ambiental presenta graves carencias e só se valoran os impactos da solución proposta ou non se valoran correctamente os impactos, minimizando as afeccións negativas e sobrevalorando os impactos positivos; e o estudo de efectos sinérxicos e acumulativos é incompleto e superficial xa que non se teñen en conta todos os tipos de proxectos susceptibles de producir algún tipo de sinerxia co PE Paraño Oeste limitándose aos parques eólicos, ademais mal inventariados, xa que aparece por exemplo referencias ao PE Pena da Lebre do cal non hai constancia, e non se ten en consideración as liñas de evacuación e outras infraestruturas asociadas, nin as que son obxecto de estudo do propio PE Paraño Oeste nin as asociadas ao resto de devanditos parques (téñase en conta a Sentenza do TSJ Castilla y León de Burgos, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 1ª de 13 de xullo de 2012 e Sentenza do TS 345/2018, de 5 de marzo).

**9. O PE Paraño Oeste suporá unha serie de afeccións severas sobre o patrimonio natural incorrendo nunha incorrecta avaliación dos posibles impactos e vulnerando unha serie de normativas:**

- Vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, con afectacións sobre hábitats de interese comunitario prioritario (4030 Brezais secos europeos, 4020\* Brezais húmidos atlánticos de zona tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix, 4090 Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga, 9230 Carballeiras galaico-portugueses con Quercus robur e Quercus pyrenaica, etc.)
- Incompatibilidade coa fauna local pola existencia de especies vulnerables. Téñase en conta a Directiva 2009/147/CE de Conservación de aves silvestres e a Lei 5/2019 de Patrimonio Natural de Galicia (*Circus pygargus*, *Circus cyaneus*, *Circaetus gallicus*, *Hieraaetus pennatus*, *Milvus migrans*, *Aegypius monachus*, *Gyps fulvus*, *Falco peregrinus*, *Falco columbarius*, *Bubo bubo*)

- Plan de Xestión do Lobo. O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie
- Afeccións moi severas sobre a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. O PE Paraño Oeste afecta sobre os ZEC Serra do Candán (ES1140014) e ZEC Serra do Cando (ES1140013), constituíndo a zona de instalación un corredor ecolóxico e unha área territorial de primordial importancia para poboacións de especies de fauna e flora, sen que se faga no presente EIA unha adecuada e exhaustiva avaliación das repercusións, expresamente regulado e detallado nos arts. 3.1 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats e art.46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, Téñase en conta o razoamento xurídico Oitavo da Sentenza da sección terceira da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) sobre o parque eólico Oribio (STSJ GAL 6192/2020) en relación ao artigo 46 da Lei 42/2007.
- Afección severa e perxuízos irreversibles sobre humidais, brañas e turbeiras, algunhas non inventariados pola Xunta de Galicia e obviadas no EIA do proxecto (Fonte Alta do Chapeo, Brañas e Regueiro de Monte Pousada (Forcarei), Brañas do Monte Pardesoa, Lamas, etc.)

**10. O PE Paraño Oeste producirá unha afección severa aos recursos hídricos e supoñen unha conculcación da Directiva Marco da Auga (DMA) agravado pola ausencia dun estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico** que garanta a non afección ós acuíferos e á calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas. Os grandes movementos de terras, perforacións e outras obras necesarias para a construción do parque eólico e a liña de evacuación poden afectar gravemente ós acuíferos, mananciais e á rede hidrográfica. Existe unha afección significativa para unha serie de cauces como: o rego de Ponte Pedriña, o rego Longo de Alonso, o rego de Porto do Carro, o regueiro de Avia, a regata Vicenza e o rego do Sixto. Así mesmo, óbvianse a meirande parte dos cauces innominados e fontes, as captacións de auga para o uso humano e agrogandeiro e a multitude de manancias e fontes que hai na poligonal do parque eólico e no traxecto da liña de evacuación.

**11. O PE tería un impacto paisaxístico severo**, afectando gravemente á paisaxe que supón un elemento cultural e natural de inmenso valor para a sociedade e é un activo económico e social. Afeccións directas sobre ás Áreas de Interese Paisaxístico (AEIP) Serra do Candán e Montes Testeiros, Serra do Cando e Serra do Suido. Afección sobre o Camiño da Xeira e dos Arrieiros e sobre miradoiros, rutas de sendeirismo e áreas recreativas. **O Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) do PE Paraño Oeste non se adapta ó Regulamento da Lei da Paisaxe (Decreto 93/2020) e ás Directrices de Paisaxe (Decreto 238/2020) e presenta defectos na metodoloxía.** O PE e a súa liña de evacuación unidos aos parques xa existentes ou en tramitación no mesmo ámbito xeográfico terán un importante impacto visual e paisaxísticos sobre os núcleos de poboación próximos e suporá unha grave fragmentación dos hábitats e os ecosistema transformando as paisaxes de mosaicos agroforestais nunha de carácter industrial inzada de muiños e liñas de alta tensión. O proxecto afectará tamén de maneira irreversible a lugares identitarios para a poboación e que son obviados pola mercantil promotora.

**12. A zona na que se pretende implantar o PE Paraño Oeste e a súa liña de evacuación ten unha riqueza patrimonial e cultural moi grande que se verá gravemente afectada.** Véxase todo o patrimonio arqueolóxico presente (castros, mámoas, petróglifos, neveiros...), arquitectónico, etnográfico ou inmaterial **sen que haxa un estudo rigoroso sobre as afeccións (téñase en conta a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia).** Patrimonio cultural inmaterial sen avaliar.

En virtude do anterior, **SOLICITA:**

1.-**O rexeitamento** a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e a solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico Paraño Oeste, así como a das súas infraestruturas de evacuación, situado nos concellos de Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense) e promovido por Eólica Galenova, S.L.U. (expediente IN661A DXIEM-02/11). DOG Núm. 192, do 5 de outubro de 2021 e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.

2.-SIRVAN AS PRESENTES ALEGACIONES COMO **NOTIFICACION PREVIA DESTE ASUNTO, QUE VAI A SER OPORTUNAMENTE RATIFICADA PARA O CASO DE PROGRESO DA SOLICITUDE RELATIVA AO PARQUE EÓLICO PARAÑO OESTE (EXPEDIENTE IN661A DXIEM-02/11)**, DEBENDO OS PROMOTORES ENFRENTARSE AOS PROCEDIMENTOS XUDICIAIS QUE SE INICIEN (CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVOS E PENALS), ASI COMO, ÁS INDEMNIZACIONES QUE PROCEDAN, CON RESPONSABILIDADE SUBSIDIARIA DE QUEN AUTORIZA SEN TER EN CONTA OS DEFECTOS DOS QUE SE LLE PON EN COÑECEMENTO.

3.- Téñase en conta que o **Inventario de Humidais de Galicia desde a súa aprobación no ano 2008, non se chegou a rexistrar nin inventariar ningún humidal** e que unha parte importante dos parques eólicos en tramitación prevese a súa instalación sobre espazos húmidos como este caso.

4.- Téñase en conta que o **Plan Sectorial Eólico de Galicia é un regulamento que non está adaptado a actual normativa de avaliación de impacto ambiental** e que está desfasado, caduco e obsoleto, que carece de avaliación ambiental estratéxica e cuxo texto non chegou a ser publicado no Diario Oficial de Galicia. Por outra banda, tampouco está adaptado ao establecido no Convenio europeo da Paisaxe.

5.- Que por parte do **Consello da Cultura Galega**, máximo órgano asesor da Xunta de Galicia en materia de cultura, se informe sobre da compatibilidade do proxecto da estación eólica Paraño Oeste e os outros parques xa instalados e en tramitación, ubicados na área xeográfica, cos valores culturais, paisaxísticos e ambientais da área de afección do parque eólico, isto é, a superficie que abrangue a súa poligonal.

6.- Que por parte da **Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia** e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal da estación eólica Paraño Oeste e os demais parques xa instalados e en trámite.

8.- Que por parte do **ICOMOS** se informe sobre o grao de compatibilidade da estación eólica Paraño Oeste e os demais parques xa instalados e en tramitación na mesma área xeográfica co Camiño de Santiago de Compostela, declarado pola Unesco como Patrimonio da Humanidade e o resto de infraestruturas industriais presentes nos municipios afectados por este parque.

**9.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a mercantil promotora e a propia Xunta de Galicia, teñen dereito a mancha a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social expreso e masivo ao parque eólico Paraño Oeste. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.**

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de outubro de 2021

Asdo.- \_\_\_\_\_